



INSTRUCCIÓN 6/2017 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 30 DE MAIO, SOBRE A XESTIÓN DO  
SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR NO CURSO ESCOLAR 2017-2018

1. O ÁMBITO DE APLICACIÓN.....	1
2. AS FUNCIÓN S DAS DIRECCIÓN S DOS CENTROS.....	2
3. O USO DO SERVIZO POR PERSOAS DISTINTAS DOS SEUS USUARIOS LEXÍTIMOS.....	3
4. AS PETICIÓN S DE MODIFICACIÓN DOS ITINERARIO S E DE INTRODUCCIÓN DE NOVAS PARADAS.	8
5. A NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN PREVIA DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....	8
6. MANTENIMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA TRANSPORTE ESCOLAR.....	8
7. A MODALIDADE C.....	9

## 1. O ámbito de aplicación

Esta Instrucción será de aplicación directa durante o curso 2017-2018 ás rutas de transporte especial de escolares que cursen ensinanzas obligatorias e de oferta obligatoria en centros docentes públicos, nas que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ademais das súas competencias educativas, exerza como contratante e xestor do servizo.

Igualmente, se aplicará de xeito indirecto, informando e orientando as competencias en materia educativa, que dita consellería conserva respecto das rutas de transporte regular integradas, que trasladan escolares que cursan ensinanzas obligatorias e de oferta obligatoria en colexios públicos.

Será usuario lexítimo do transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.

Para poder ser usuario lexítimo do servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida ou contar cunha resolución de escolarización obligatoria.

Neste senso, excepcionalmente, pode considerarse como domicilio do alumnado o daqueles



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San  
Caetano  
15781  
Santiago de Compostela

galicia

familiares cos que o menor efectivamente conviva. Nestes supostos excepcionais non é suficiente a xustificación do domicilio mediante unha certificación do padrón municipal, sendo requisito imprescindible para a súa consideración a xustificación dunha convivencia real mediante certificación específica expedida para tal efecto polo concello, a partir de informes da Policía Local ou da Garda Civil, agás no caso de menores en situación de acollemento, no que as familias de acollida presentarán unha fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.

Do mesmo xeito, para manter a condición de usuario lexítimo, é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso 2017-2018.

Os usuarios lexítimos de transporte escolar que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado perderán dita condición de usuario lexítimo, e, conseguintemente, non terán acceso preferente ao comedor escolar.

No suposto en que o comedor escolar de referencia tivera máis solicitudes que prazas autorizadas, e a condición de usuario lexítimo de transporte escolar fora determinante para obter unha praza no comedor, o alumno ou alumna que perdese a súa condición de usuario lexítimo por non facer voluntariamente un uso continuado do transporte escolar, perderá a praza obtida, que deberá ser asignada polo Consello Escolar ao seguinte na lista de espera.

## 2. As funcións das direccións dos centros

Ao comezo do curso escolar, os Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios enviaranlle ás direccións dos centros unha relación dos vehículos asignados aos contratos de transporte escolar do respectivo centro. Na dita relación indicaranse as características de cada vehículo, a súa capacidade, o número da matrícula, etc., coa finalidade de que as direccións dos centros poidan comprobar a correcta execución do correspondente servizo (que o vehículo que o realiza efectivamente estea entre os asignados, que reúna as condicións contratadas, que o acompañante -se o transporte conta con esta figura- cumple as súas funcións, que se cumpran correctamente os horarios de entrada e saída do centro, etc.).

De ser o caso, as irregularidades ou deficiencias que se observen cada día na execución do servizo deberán ser comunicadas polas direccións dos centros ás Xefaturas Territoriais coa maior exactitude e no máis breve prazo posible, indicando as circunstancias que concorran e



achegado os medios probatorios de que dispoñan. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte dos Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios e, no seu caso, a apertura de expedientes de incumplimentos contractuais por esta Secretaría Xeral Técnica.

### **3. O uso do servizo por persoas distintas dos seus usuarios lexítimos**

Sen prexuízo do disposto no apartado 1 desta Instrucción, ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con prazas vacantes e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar o uso do servizo aos colectivos seguintes:

1º. Ao alumnado de ensino obligatorio, FP Básica e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios, do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada.

Se ben este alumnado non ostenta a condición de usuario lexítimo do transporte escolar, é posible concederlle unha autorización excepcional para o seu uso, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, a proposta da Dirección do centro que corresponda, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado etc. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.



En ningún caso comportarán preferencia algúna no acceso ao comedor escolar, a cal só deriva da condición de usuarios lexítimos do transporte escolar.

A vixencia das autorizacións excepcionais comprenderá únicamente o curso escolar 2017-2018. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

2º. Ao alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden de acordo coas áreas de influencia fixadas en función dos seus domicilios familiares.

Este alumnado poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, a proposta da Dirección do centro que corresponda, ponderándose como circunstancias a ter en conta, as discapacidades sofridas, a existencia de irmáns e irmas escolarizados forzosamente no centro, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado etc. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Non comportarán en ningún caso derecho de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.

A vixencia das autorizacións comprenderá únicamente o curso escolar 2017-2018. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.



3º. O alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado.

Este alumnado poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar e sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, a proposta da Dirección do centro que corresponda, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar dos alumnos etc. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

A vixencia das autorizacións comprenderá únicamente o curso escolar 2017-2018. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non llea outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

Neste suposto correspóndele aos centros educativos sin liñas de transporte cuxo uso é solicitado por alumnos matriculados no centro, recabar as solicitudes e elevalas á Xefatura Territorial.

4º. Acceso ao servizo por alumnado de bacharelato e ciclos medios e superiores de FP.

Poderase autorizar excepcionalmente o uso do transporte escolar, con carácter gratuítio, a favor do alumnado de bacharelato, ciclos formativos medios e superiores e outros programas similares, sempre que concorran os seguintes requisitos:

1. Que existan prazas vacantes



2. Que non comporte a modificación das rutas
3. Que non supoña a creación de novas paradas
4. Que non incremente a duración do traxecto

O uso do transporte será gratuíto e requirirá petición individualizada por alumno/a mediante o modelo normalizado existente para o efecto, informe da dirección do centro e resolución expresa das Xefaturas Territoriais da Consellería.

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, a proposta da Dirección do centro que corresponda, ponderándose no seu outorgamento, como circunstancias a ter en conta, as discapacidades dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar dos alumnos etc. As resolucións ditadas poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as circunstancias que as xustifiquen ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Non comportarán en ningún caso dereito de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.

A vixencia das autorizacións comprenderá únicamente o curso escolar 2017-2018. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

Cómpre salientar neste punto que cada curso escolar recíbense denuncias do alumnado motivadas pola esixencia de pagamento da viaxe por parte das empresas transportistas. Neste punto é preciso reiterar que o alumnado de ensinanzas non obligatorias que utilice o servizo nos vehículos que contrata esta Consellería farao de forma absolutamente gratuita a través da autorización expedida pola Xefatura Territorial de que se trate, trámite que resulta imprescindible para que este alumnado poida gozar do servizo.

Para evitar estas situacionés anómalas, é imprescindible a especial atención e a colaboración da dirección e da comunidade educativa dos centros, denunciando, co maior número de probas posible, ante as Xefaturas Territoriais estes feitos sempre que se produzcan. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte das Xefaturas Provinciais de Recursos Educativos Complementarios e, no seu caso, a apertura de expedientes de penalidade por



incumprimento contractual por esta Secretaría Xeral Técnica.

5º Acceso ao servizo por viaxeiros adultos do Programa TES+BUS.

A autorización para a utilización de determinadas liñas de transporte escolar por parte de usuarios alleos á actividade escolar, no marco do programa TES+BUS, require que se dean as seguintes condicións:

- Que as liñas a autorizar correspondan a traxectos realizados unicamente por vehículos VDs e non sexan coincidentes no seu itinerario con servizos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral.
- Que os vehículos de transporte escolar dispoñan de prazas libres, e estas non sexan demandadas por outros membros da comunidade educativa.
- Que as autorizacións non comporten a modificación das rutas, nin a introdución de novas paradas nin o aumento de duración do itinerario.

6º A orde de prelación na concesión de autorizacións excepcionais no caso de insuficiencia de prazas no vehículo.

No caso de que o número de solicitudes de autorización excepcional para o uso de transporte escolar excedan do número de prazas vacantes nos vehículos, seguirase a seguinte prelación:

Terá prioridade en primeiro lugar os alumnos que teñan irmáns e irmás escolarizadas forzosamente no centro mentres estes permanezan nel.

En segundo lugar, o alumnado de ensino obligatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En terceiro lugar o alumnado escolarizado en centro distinto do que lle corresponde por área de influencia (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En cuarto lugar o alumnado que solicite, por causa de proximidade xeográfica, a utilización do transporte dun centro distinto daquel no que está escolarizado (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En quinto lugar o alumnado de ensinanzas non obligatorias (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados)-



Finalmente, as persoas usuarias do programa TES+BUS.

Cando a prelación non poda establecerse pola Dirección do centro conforme á orde de preferencia anterior, porque o número de solicitantes pertencentes ao mesmo grupo exceda do número de prazas, o consello escolar do centro formulará unha proposta ante a Xefatura Territorial que corresponda. Para este fin, confeccionará unha lista ordenada de todos os solicitantes na que, ademais de terse en conta as prioridades anteriores, valorarase as discapacidades, a idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros e a situación económica e familiar dos alumnos.

Cando como consecuencia da incorporación de novo alumnado que se produza durante o curso escolar, sexa preciso ceder a praza de transporte a un usuario lexítimo, o órgano que resolveu as autorizacións excepcionais, a proposta da Dirección do centro, valoraraas de novo, a fin de distribuír as prazas restantes, aplicando os criterios de preferencia e ponderación recollidos neste apartado 3.

#### **4. As peticións de modificación dos itinerarios e de introdución de novas paradas.**

Con carácter xeral non se autorizarán desviacións nos itinerarios de transporte escolar e/ou introdución de novas paradas en distancias inferiores a 2 km, nin fóra da zona de influencia do centro.

As resolucións das Xefaturas Territoriais poderán ser recorridas en alzada ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que corresponda e o notificará aos recorrentes e ás citadas Xefaturas.

Cando circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, aconsellen ampliar os itinerarios existentes e/ou introducir novas paradas en distancias inferiores a 2 km, as Xefaturas Territoriais elevarán unha proposta a esta Secretaría Xeral Técnica que, á vista dos informes e das xustificacións que se acheguen, autorizará ou denegará o solicitado.

En todo caso as peticións de cambios nos itinerarios de transporte existentes e de creación de paradas deberán obligatoriamente que presentarse cos datos de xeolocalización que correspondan.



## 5. A necesidade de autorización previa da Secretaría Xeral Técnica

Toda contratación de novos servizos, sexa do tipo que sexa, estará presidida por criterios de racionalidade e austeridade do gasto público, e requirirá para a súa tramitación a previa autorización desta Secretaría Xeral Técnica.

Calquera baixa ou modificación dos servizos de transporte escolar vixentes requirirá igualmente para a súa tramitación da previa autorización desta Secretaría Xeral Técnica.

## 6. Mantemento da aplicación informática TRANSPORTE ESCOLAR

As Direccións dos centros de ensino que dispoñan de rutas de transporte escolar teñen como obriga inescusable introducir a totalidade dos datos delas na aplicación informática TRANSPORTE ESCOLAR. Neste sentido, a dirección de cada centro comprobará e completará os datos de cada un dos alumnos asignados ás paradas existentes en todas as rutas ao centro, incluíndo os correspondentes aos alumnos escolarizados noutros centros autorizados con carácter excepcional, pechando a introdución da totalidade dos datos precisos e, polo tanto, os servizos antes do 30 de outubro de 2017. De producirse modificacións durante o resto do curso, a dirección do centro cursará petición á Xefatura Territorial de que se trate, a fin de que a autorice e, no seu caso, abra de novo o servizo na aplicación para que a dirección do centro incorpore os datos correctos e volva pechar o servizo.

A completa carga na aplicación TRANSPORTE ESCOLAR dos datos actualizados de alumnos, paradas e rutas existentes é imprescindible para unha axeitada xestión do servizo e para poder aplicar, no seu caso, o Protocolo de actuación nos supostos de alertas metereolóxicas.

As direccións dos centros proporcionaranllas aos transportistas os listados xerados pola aplicación nos que conste o alumnado usuario de cada ruta en canto estean pechados os servizos na aplicación e remitiranllas as actualizacións dos devanditos listados cando se produzcan modificacións ao longo do curso que xa contén coa autorización da Xefatura Territorial.

## 7. A modalidade C

Con data límite do 30 de outubro de 2017, as direccións dos centros que contén con alumnado usuario da modalidade C de transporte deberán ter presentado ante os Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios as relacións dos ditos usuarios para o curso escolar



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San  
Caetano  
15781  
Santiago de Compostela

galicia

2017-2018, nas que se especificarán as liñas de transporte regular que vaian utilizar.

Así mesmo, as direccións dos centros terán a obriga de actualizar as citadas relacións coas altas e baixas que se produzan ao longo do curso escolar citado e comunicar estas variacións aos Servizos Provincias anteriormente citados nun tempo máximo de 10 días desde que se produza a devandita variación.

A prestación do servizo de transporte escolar a través desta modalidade deberá respectar as indicacións contidas no apartado 1, no último parágrafo do apartado 2 e no apartado 5 desta instrución, non séndolle de aplicación os apartados 3, 4 e 6.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2017

O secretario xeral técnico

Jesús Cidáven Barcalo

